


Gabit

Versión 1.0

Artabria Publikator

Publicación de cursos Moodle



www.gabit.org

Publicación de cursos Moodle

Artabria é unha ferramenta que permite a publicación de cursos Moodle a calquera soporte ou dispositivo en formato web. Grazas a Artabria un curso Moodle pode gardarse nun Pendrive/CD/DVD e ser entregado ao alumnos/as como apoio de xeito que poidan acceder aos contidos e tarefas do curso.

Vostede pode almacenar o curso en diferentes formatos: ZIP, ISO, RAR, e permitir a descarga do curso vía web sen que o curso perda a súa funcionalidade. Artabria realiza unha conversión de recursos e actividades do curso Moodle ao novo formato estático. Incorpora mecanismos de navegación moito máis doados e usables que o propio contorno de Moodle, ademais de realizar unha depuración automática do código (X)HTML e CSS, así como unha completa serie de adaptacións a requirimentos de accesibilidade mellorando o contido resultante facendo así que sexa máis accesible e doado de empregar polos alumnos/as.

Por outra banda o novo formato web amplía as posibilidades de distribución e publicación do curso a través de diferentes ferramentas de maquetación que permiten mesmo a impresión do curso en papel.

**ENTRÉGUELLE AOS ALUMNOS/AS UN CD/DVD CO
CURSO OU DEIXE QUE O DESCARGUEN!**

¿Como funciona?

¿Cantas veces aparecen problemas nos cursos por mor de caídas do servidor, problemas de conexión ou ancho de banda limitado? A solución pasa pola publicación do curso realizando unha conversión dos contidos a un formato web estático, válido para o seu funcionamento fóra de liña e por tanto para a súa descarga e impresión. O curso publicado pode empaquetarse en diferentes formatos: imaxe de CD/DVD, arquivo comprimido ZIP/RAR/Outros formatos, etc... facilitando a súa portabilidade. Todos os problemas previos remataranse cando faga entrega do curso completo aos alumnos/as en calquera dos soportes dispoñibles.



Formatos:

- **Web.** (X)HTML e CSS
- **Empaquetado** como arquivo comprimido. ZIP, RAR, 7-zip, TAR, GZ, etc...
- **Imaxe de CD/DVD.** ISO, IMG, BIN, etc...
- **Impresión.** Saída en PDF e outros formatos de impresión.

Navegación e estrutura dos cursos


Iniciación a SQL



Esquema de tema

1


Módulo 1: SQL Developer

 Tutorial SQL Developer

 (Actividade para realizar en liña) Foro do módulo 1

Material de apoio:

 Páxina oficial do SQL Developer

 Manual de Usuario SQL Developer

Actividades do módulo:


 Actividades módulo 1

5

Resto de módulos ■■■

Módulo 5: Funcións e presentación de resultados

 Funcións de caracteres e numéricas

 Funcións de datas e outras funcións e expresións

 (Actividade para realizar en liña) Foro módulo 5

Material de apoio:

 SQL: Función TO_CHAR (Exemplos para datas)

 SQL: Función TO_DATE()

 SQL: Exemplos de sentencias (Funcións por categorías)

 SQL: Exemplos de sentencias (Funcións por categorías II)

Actividades do módulo:

 Actividades módulo 5



- **Cabeceira.** Nome do curso e logotipo ou cabeceiras.
- **Corpo.** Esquema de módulos con ligazóns aos contidos, recursos e actividades.
- **Pé.** Indicadores dos resultados da análise de validación de código (X)HTML, CSS e Accesibilidade.

Principais recursos e actividades


Artabria recolle directamente todos os contidos estáticos do curso, pero ademais permite indicar que elementos dinámicos do curso se publicarán, a través de cuestionarios e arquivos de configuración.

A publicación inclúe:

- Etiquetas, seccións e descrições propias do curso en moodle.
- Documentos en páxinas HTML.
- Repositorio de arquivos do curso en calquera formato multimedia e ofimático.
- Ligazóns externas.
- Outros contidos estáticos.

Ademais dos seguintes elementos configurables:

- Tarefas.
- Consultas estáticas.
- Cuestionarios.
- Glosarios.
- Wikis.
- Leccións.
- Actividades de Hotpotatoes.
- Foros e Chats en modo fóra de liña.
- Obxectos Scorm.



Tarefa 4: Traballando con táboas



SCORMS E VÍDEOS DISPONIBLES DENDE O CD/DVD

Opcións avanzadas

Usabilidade

Tanto os menús globais como opcións de navegación específicas poden adaptarse ás necesidades dos usuarios/as segundo a toma de requisitos previa, así como estilos, cabeceiras e outras opcións que se consideren necesarias.

Accesibilidade

A maquetación empregada por Artabria Publikator é accesible a nivel AAA, quedando por tanto o nivel de accesibilidade do curso publicado marcado polo máximo nivel que acaden os contidos.

Outra das vantaxes desta ferramenta é que realiza transformacións no código do curso para que cumpra cos estándares para as validacións HTML e CSS, así como outra serie de adaptacións para mellorar a accesibilidade dos contidos publicados.

Todas estas funcionalidades buscan achegar os contidos dun curso moodle ao máximo número posible de alumnos/as, tendo en conta que isto representa ademais un imperativo legal.



CURSOS MÁIS USABLES E ACCESIBLES!

The logo for Gabit, featuring the word "Gabit" in a blue, rounded, sans-serif font. It is positioned on a white rectangular background that is part of a larger graphic design consisting of various colored squares and rectangles in shades of blue and orange.

Versión 1.0

Artabria Publikator

Publicación de cursos Moodle



www.gabit.org